



BASES DO CERTAME

AMOR? AMOR!... EN 100 PALABRAS

EDLG / Biblioteca A Esperela / Dpto. de Lingua Galega
IES O MOSTEIRÓN (SADA)

Primeira. Os participantes presentarán creacións literarias orixinais e inéditas -e non premiadas noutros certames- no xénero literario que desexen, ben en prosa, en verso ou en ambas as modalidades. A **temática** será o amor, en calquera das súas manifestacións: **amor, desamor...**

Segunda. As obras deberán tener unha **extensión máxima de 100 palabras** e levarán título. Estarán **redactadas en lingua galega** e poden estar escritas á man ou a ordenador.

Terceira. Poderá participar calquera membro da comunidade educativa do IES O Mosteirón (Sada). O **prazo** de presentación abrírase o día 31 de xaneiro de 2011 no primeiro recreo e remata o **11 de febreiro no segundo recreo**.

Cuarta. Os microrrelatos **entregaranse na biblioteca durante os recreos**; recolleraos o persoal docente con garda de biblioteca.

Os participantes deben **presentar as obras dentro dun sobre**, co título e **cun pseudónimo** ou nome falso por fóra. Dentro deste sobre, incluírase outro sobre máis pequeno -tamén co título de microrrelato e o pseudónimo por fóra- no que se indique o nome completo e a clase do autor ou autora do texto dentro.

Quinta. Os traballos **serán expostos**, segundo se vaian presentando, en lugares visibles e accesibles do centro.

Sexta. As obras **serán avaliadas por unha comisión** designada polo Equipo de Dinamización da Lingua Galega e mais polo equipo da Biblioteca A Esperela do IES O Mosteirón. Esta proclamará tres textos gañadores. Un para o primeiro ciclo de eso, outro para o 2º ciclo de eso e outro para bacharelato.

Sétima. O **anuncio da obra gañadora** do certame farase o día **14 de febreiro**. Terá lugar na biblioteca, no segundo recreo.

Oitava. Os gañadores recibirán un **premio sorpresa** e un diploma acreditativo.

Novena. A participación no certame implica a aceptación destas bases.